



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Procesos psicolóxicos básicos		Código	652G04002
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Gonzalez Fernandez, Maria angeles	Correo electrónico	maria.angeles.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Fernandez, Maria angeles	Correo electrónico	maria.angeles.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Obxetivos da materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que o alumnado adquira os contidos máis relevantes de Psicoloxía Básica para a súa formación logopédica. - Formación práctica: Análise das implicacións e aplicacións dos contidos, métodos e técnicas ao ámbito da logopedia 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecer e integrar os fundamentos psicolóxicos da Logopedia: o desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicolóxico, a Neuropsicoloxía da linguaxe, os procesos básicos e a Psicolingüística.
A4	Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.
A14	Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.
A23	Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A31	Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B5	Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B17	Saber expresarse en público.
B18	Ser creativo no exercicio da profesión.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e integrar os fundamentos psicolóxicos da Logopedia: o desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicolóxico, a Neuropsicoloxía da linguaxe, os procesos básicos e a Psicolingüística.	A2		
Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.	A4		
Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.	A9		
Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.	A14		
Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.	A23		
Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).	A28		
Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	A31		
Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.		B3	
Aprender a aprender.		B4	
Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.		B5	
Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.		B8	
Saber expresarse en público.		B17	
Ser creativo no exercicio da profesión.		B18	
Traballar de forma autónoma con iniciativa.		B22	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución	As raíces da psicoloxía. Os grandes temas da psicoloxía. Niveis de análises e especialidades da psicoloxía. A reflexión crítica baseada na ciencia da psicoloxía.
Sensación e percepción	A percepción do mundo: Principios básicos. Visión, audición e outros sentidos. A organización perceptiva. A interpretación perceptiva.
Memoria	Modelos de procesamento da información. Codificación, almacenamento e recuperación da información. O esquecemento. A construción dos recordos. Optimización da memoria.
Aprendizaxe	Condicionamento clásico. Condicionamento operante. Aprendizaxe baseada na observación.
Motivación	Conceptos motivacionais. Fame, motivación sexual e necesidade de pertenza. A motivación no traballo.
Emoción	A emoción no corpo. A expresión das emocións. A experiencia emocional. Estrés e saúde. O coidado da saúde.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Obradoiro	A31 B4 C1 C6 C7 C8	15	30	45
Presentación oral	A2 B3 B5 B8	22	55	77
Proba de resposta múltiple	A4 A9 A23	1	11	12
Análise de fontes documentais	A14 A28 B17 B18 B22 C2 C3	5	10	15
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Presentación oral	Exposición dos apartados do programa, fundamentalmente por parte da profesora a modo de clase maxistral.
Proba de resposta múltiple	Realización dunha proba obxectiva "tipo test", con 30 preguntas, sobre os contidos traballados ao longo do curso. Para cada pregunta presentaranse catro alternativas de resposta, das que só unha será correcta.
Análise de fontes documentais	Utilización de películas relevantes para a temática da materia, con actividades especificamente deseñadas para a análise das mesmas (presentación, debate, dossier...)

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Atención personalizada, orientando e supervisando o traballo nestas actividades ao longo do curso.
Presentación oral	Atención en grupo para aclarar dúbidas nas clases presenciais, e individual en titorías para aqueles que expoñan contidos ou precisen máis información.
Proba de resposta múltiple	A orientación individualizada para a proba obxectiva, tanto ao alumnado asistente ás clases presenciais como ao que teña "recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia", levará a cabo a través das titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A4 A9 A23	A puntuación obtida na proba obxectiva, de 30 preguntas tipo test, achegará ata un 90% da cualificación na materia	90
Obradoiro	A31 B4 C1 C6 C7 C8	Asistencia e participación nas actividades prácticas levadas a cabo, e elaboración dunha memoria sobre as mesmas.	10

Observacións avaliación



A asistencia, actitude e participación en clase (clases teóricas e de docencia interactiva), poderá ter un efecto modulador de ata un 10% sobre a cualificación final.

Para aprobar a materia, o alumnado deberá obter una puntuación global mínima de 5 puntos, sobre 10 (equivalente a un 50% do global). A puntuación global é o resultado de sumar as puntuacións obtidas na proba obxectiva, a asistencia ás clases interactivas, elaborando unha memoria sobre as mesmas, e o posible efecto modulador da asistencia, actitude e participación en clase.

?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?: Se non hai posibilidades de asistencia e participación nas clases interactivas, a cualificación poderá derivarse exclusivamente da puntuación obtida no examen (o 100%).

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación (Atendendo a modificación do artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC):Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Campos, A. (1988). Manual de prácticas de psicología básica . Barcelona. Grupo Editor Universitario- Domjan, M. y Bukhard, B. (2003, 5ª Ed.). Principios de aprendizaje y de conducta. Madrid. Thomson- Leahey, T. H. y Harris, R. J. (2000). Aprendizaje y cognición. Madrid. Prentice Hall- Myers, D. G. (2011). Psicología. Madrid. Editorial Médica Panamericana- Ruiz-Vargas, J. M. (1998). Psicología de la memoria. Madrid. Alianza- Smith, E. E. y Kosylin, S. M. (2008). Procesos cognitivos. Madrid. Prentice Hall
----------------------------	---

Bibliografía complementaria	- (). .
------------------------------------	---------

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ninguna

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías